

Inscripcións abertas para o XIII Torneo de Pesca Deportiva Infantil de #Baiona

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Mércores, 05 Agosto 2015 13:45



O presente torneo nace a través do curso de iniciación á Pesca Deportiva que se está a desenvolver no concello de Baiona, e vendo o éxito e acolleita tanto nos participantes como nos seus pais a administración quere ofrecer continuidade ao mesmo.

O XIII Torneo de Pesca Deportiva Infantil desenvolverase o día 21 de Agosto a partir das 17.30. horas ata as 19.30 horas nas instalacións do porto pesqueiro de Baiona. O torneo distribúese por categorías sendo as mesmas as seguintes: Sub 8, Sub 12 e Sub 16, sendo categorías mixtas o que permite a todos/as os interesados en participar, entregando ademais un agasallo conmemorativo pola súa participación a todos os asistentes.

O Torneo está totalmente subvencionado a través da Concellaría de Deportes e sendo o número de prazas limitado polo que se anima aos interesados formular as inscricións canto antes. Para inscribirse dirixirse á Oficina de Turismo ou chamando aos teléfonos 986 687 067 - 986 356 558.